



Problemas reais e problemas ficticios

Xosé Luís Barreiro Rivas

1.- Quen non sabe distinguir non sabe nada.

Foi Castelao quen, coa súa intuición e mestría, mellor formulou e resolveu, nun relato moi curto¹, un problema que os politólogos de hoxe seguimos discutindo sen grandes avances, e que está implícito na maioría das crises que hoxe atravesan os países avanzados. A calquera lle chama a atención –ou debería chamarlla– que as sociedades que máis se teñen laiado da crise que nos afectou entre 2008 e 2015 non foron aquelas que soportan grandes desgrazas, conflitos bélicos, ditaduras atrabiliarias ou gravísima pobreza e desestruturación social, senón as opulentas sociedades occidentais, e moi especialmente as europeas, que, privadas dunha porcentaxe pequena do seu fabuloso PIB, e a pesar de ser

conscientes dos enormes e temerarios déficits que tiñan xerado, chegaron a crer que a furia dos deuses, en vez de caer sobre África, Medio Oriente ou América Latina, viñera a poñer á UE ao borde dos abismos. A cegueira foi tal que, en vez de aceptar un razoable e progresivamente proporcional reparto dos custes da crise, todos os sectores sociais, dende os funcionarios aos profesionais liberais, e dende os artistas aos xornaleiros, arremeteron indiscriminadamente contra os recortes, limitaron o poder redistribuidor do Estado, e fixeron que a carga da crise –no contexto mundial bastante leve– caera de verdade sobre as clase desfavorecidas.

Por iso cómpre reflexionar no erro que implica confundir problemas estruturais con problemas conxunturais; ou, nunha reflexión máis radical, os problemas reais cos problemas ficticios. O que fai Castelao, no

¹ CASTELAO, A. D. (1982): «Se eu fose autor». En: *Cousas*. Vigo: Galaxia, pp.50-51

pequeno relato «Se eu fose autor», é contraponer dous dramas –o da «corte aldeán» que chora pola vaca morta, e o da «fidalgona e dúas fidalguiñas novas» que choran pola cadeliña–, que son apreciados de maneira contraditoria –como dramas ou sainetes–, polos diferenciados públicos do galiñeiro e do patio de butacas. As dúas escenas son formalmente dramáticas para os actores que as protagonizan, e incluso poderíamos dicir que, no terreo dos sentimentos, podería haber quen supuxese que a morte da cadeliña agromaba sentimentos máis románticos e poéticos que a da vaca. Pero a narrativa de Castelao deixa claro que esa contraposición non xorde soamente dun sentimento subxectivo ao que as persoas teñen dereito e que en parte debe ser respectado, senón dunha grave e radical confusión entre un problema real e un problema ficticio que, na esaxeración dos contextos e no illamento voluntario dos protagonistas acaba equiparando o que en modo algún resulta equiparable.

En termos politolóxicos teño eu distinguido máis dunha vez aqueles problemas que teñen doada ou posible solución a cur-

to ou a medio prazo daqueles outros que non a teñen. É para iso teño posto de exemplo os dous grandes problemas que ocupan a axenda española dende hai varios anos: o paro e a deriva secesionista de Cataluña. Os dous problemas teñen detrás xente que amosa a súa pena e desconsolo, como facían os labregos e a fidalga na proposta dramática de Castelao, pero mentres un dos casos ten solución posible e doada, porque responde só a un voluntarismo rompedor, carente de razóns e sentido, o outro ten elementos substantivos de grande calado que nin sequera a vontade unánime dos políticos pode resolver. Porque, aínda que imaxinemos un acordo pleno das forzas políticas do Estado para resolver o paro –que na nosa metáfora é a vaca morta arrodeada de aldeáns– nun curto período de tempo, o desemprego seguiría estando en niveis non asumibles durante moito tempo, xa que, ademais de responder a cambios internacionais na cultura produtiva, e a unha longa serie de causas que teñen ás veces solucións contraditorias, implica tamén a necesidade de manter a rendibilidade e a viabilidade do sistema, de adaptarnos ás estruturas pro-

dutivas e competitivas da UE, e de formar traballadores capaces de desenvolver a súa actividade en contornos amplamente tecnificados e destinados ao mercado internacional. Na outra cara da lúa está o secesionismo catalán –que no noso caso representa o drama da cadeliña morta sobre a bandexa de prata–, que, no suposto de haber vontade de solución, asentada nos grandes partidos, podería terse controlado en orixe, antes do conflito, ou ser controlado agora, nun breve espazo de tempo, aínda que se mantivese vivo nas minorías máis radicais. Por iso digo que, sen negarlle a etioloxía dun dramático problema –porque a morte da cadeliña tamén o era–, e dando por obvio que a compoñente sentimental e irracional do proceso non se reconduce coa Garda Civil, teño por certo que un secesionismo promovido por unha das rexións máis ricas e autónomas da UE, que foi capaz de plantarlle cara ao Estado baseándose nas estruturas políticas e institucionais do propio Estado, non é un problema substantivo, ou non é a morte da vaca do labrego, senón unha aposta estratéxica das elites cataláns que só buscan, de feito, romper

a cadea de solidariedade que os libera de contribuír ao proxecto da mesma España que leva máis dun século concentrando alí riquezas que son de todos.

2.- A eiva democrática que ninguén quixo ver

Nun libro colectivo de recente publicación puxen de manifesto a incontrovertible e esquecida verdade de que o actual «*procés*» de Cataluña non é en absoluto un movemento social, portador dos problemas e das demandas da xente, que chega despois ás institucións autonómicas, senón, en perspectiva totalmente contraria, un movemento político das elites do independentismo que, valéndose de forma ilexítima do poder estatal que se lles tiña confiado no marco da Constitución e das leis, cruzaron a liña vermella da ilegalidade para liderar e implantar nos cidadáns un movemento secesionista². Deste xeito prodúcese o estraño paradoxo de que, men-

2 BARREIRO RIVAS, X. L. (2017): «Cataluña: desde la insatisfacción a la desafección». En: Rivera Otero, J. M., Montabes Pereira, J., e Lagares Díaz, N., ed. (2017): *Cataluña en proceso. Las elecciones autonómicas de 2015*. Valencia: Tirant lo Blanch, pp. 189-211.

tres a *Generalitat* asume o papel de institución rebelde, a cidadanía sae á rúa para apoiar ás súas institucións, sen necesidade de que ninguén se pregunte se a súa participación no «*procés*» é legal, democrática e viable.

Deste xeito, por arte de birlibirloque, e grazas á fachenda institucional da *Generalitat*, a obsesión separatista e a creación dun «*nou Estat*» arraigou con extraordinaria facilidade nunha parte importante da sociedade catalá, coma se, en vez de ser unha rebelión contra a orde constitucional e estatutaria, fose un movemento democrático e institucional a favor da realidade catalá, que lles daba a oportunidade de loitar contra os mitos do roubo fiscal, do asoballamento dun antigüísimo Estado medieval imaxinado, prematuro e democrático, e que libraba ao culto, laborioso e moderno pobo catalán das rémoras dun país pobre, vago, amigo da sesta e, sobre todo, vasalo de Castela. Para iso inventaron tamén, nos talleres da *Generalitat*, o «dereito ilimitado a decidir», que implicaba a propiedade dun anaco do Estado español e da súa soberanía, na que ía implicado o dereito a

decidir sobre o que a esta *Generalitat*, neste intre, e no marco legal que máis lle conveña, acorde consultar.

O resumo desta visión é que o actual proceso secesionista, igual ca os de 1931 e 1934, non sería posible, nin podería manterse activo, se non estivese liderado por unha *Generalitat* que, derivando perigosamente de institución estatal a facción independentista, utilizou os recursos e sentimentos de todos, independentistas e non independentistas, para retar ao Estado a algo tan simple e endiañado como «atreverse a paralos». Proba disto é que as máis recentes revoltas de Cataluña (1873, 1931, 1934 e 1917) sempre tiveron lugar en momentos de florecemento das liberdades e da democracia, nos intres en que Cataluña recibía altas cotas de autogoberno, e cando a reacción do Estado podía ser identificada, ou favorecer abertamente, aos movementos reaccionarios que obrigaban aos cidadáns a ceder máis alá do razoable a cambio de non dar marcha atrás. E esta repetida e periódica circunstancia só ten unha explicación: que son rebelións institucionais erguidas

e teorizadas dende arriba, nas que o pobo, a pesar das aparencias, sempre xogou un papel inducido, aínda que fora tamén importante.

Os secesionistas sempre souberon que a súa aposta era unha ruptura violenta coa legalidade constitucional, que o intento de inventar unha legalidade soberana dende o Parlamento de Cataluña era unha aberración xurídica, e que a política de feitos consumados argallada dende os despachos da *Generalitat*, e trasladada á rúa e ao sistema mediático mediante o uso aveso dos recursos e privilexios da *Generalitat*, ía xerar unha situación na que os poderes do Estado só podían escoller entre actuar de forma contundente para restaurar a orde xurídica, coas graves e manipulables consecuencias que dita intervención debía supoñer, ou deixarse ir, en nome da paz e da convivencia, ata que os efectos derivados dun proceso ilegal quedasen asentados como feitos significativos e metesen o problema nas axendas comunitarias e internacionais.

Todos os impulsores do proceso sabían, ademais, que a segunda das alternativas –a de

consentir– era só teórica, xa que o principio de legalidade que orienta a actuación de calquera goberno democrático obriga, antes ou despois, a aplicar a lei con medios extraordinarios. Pero aí estaba tamén o outro mito: o de crer que un Goberno desgastado pola crise, enfrontado a un andazo de populismo que entende que todo conflito presaxia rexeneración, e parlamentariamente acurrulado na súa minoría maioritaria –non só polas forzas nacionalistas ou de esquerdas radicalmente opostas ao PP, senón tamén polos partidos que, sendo constitucionalistas (PSOE e C’s), interpretan o conflito catalán como unha oportunidade única e barata de derrotar a Rajoy–, nunca se atrevería a tomar medidas capaces de frear os feitos consumados que están marcando a deriva do país dende hai, polo menos, catro anos. Por iso non houbo racionalidade, nin diálogo, nin respecto á legalidade, nin unha política integradora da sociedade catalá.

Neste contexto é posible dicir que a maior eiva democrática do «*procés*», a que se transmite a todos os actos e obxectivos do mesmo, e a que enturba todos

os trámites e actividades, incluídos aqueles que teñen maior aparencia de democracia formal, é a conversión da *Generalitat* nun actor partidista do subsistema catalán, que, ademais de aceptar a vía da ilegalidade para provocar a ruptura, toma partido a favor do electorado separatista, conduce a situación cara a unha saída non inclusiva –a chamada República Catalá–, e consegue que a cidadanía traslade esa mesma perspectiva partidista ás actuacións dos poderes do Estado, ata o punto de negar a diferenza entre o proceso separatista e a resposta legal e constitucional, e favorecer o traslado á comunidade internacional dun conflito que o Estado está manexando en contra das máis elementais normas e obrigas dun sistema democrático avanzado.

3.- Agora xa sabemos que todo isto vén de vello

Agora, cando temos que analizar non só a presente realidade do «*procés*», senón tamén as súas causas remotas e as máis previsibles consecuencias, empezamos a decatarnos de que a deslealdade constitucional

xa se implantou na *Generalitat* hai moitos anos, e que, ao non termos advertido que todo o que se revestía de negociación e cooperación encamiñada á plena satisfacción e normalización da comunidade autónoma máis avanzada e mellor tratada de España –só comparable, pero non en todo, ao País Vasco–, só estaba servindo a un meticuloso proceso de apoderamento da *Generalitat* fronte ao Estado, a un meticuloso e sistemático borrado da presenza institucional e simbólica do Estado en Cataluña, á construción dun mito nacional espoliado social e economicamente dende o Estado centralista, e a crear un contexto de desconexión –ou de proclamación da independencia– no que o Estado tivese a capacidade de reacción máis limitada e con peor imaxe democrática.

Agora sabemos que cada cesión que se fixo a Cataluña, nun proceso diferencial que foi moi inxusto para a maioría das Comunidades Autónomas, lonxe de servir para integrar a Cataluña no actual modelo de descentralización, ou para satisfacer lexítimas demandas históricas, serviu para xerar unha imaxe xa

estatalizada de Cataluña, para debilitar as estruturas do Estado, para implantar na sociedade unha imaxe diferenciada de Cataluña, na que o seu país emerxía como unha sociedade moderna, rica e democrática, fronte ao resto de España indolente, atrasada e aproveitada, e construír o *mantra* de que todas as limitacións que puidera ter Cataluña para poñerse á cabeza de Occidente proviñan da súa submisión a unha España escasamente europea e pouco desenvolvida.

Lonxe de estarmos ante reivindicacións próximas, coma un modelo de financiamento ou unha revisión do listado de competencias transferibles, e lonxe de recoñecer o status económico e social do autogoberno catalán en Europa, estamos falando dunha artificiosa e falsa historia de vitimismo e espolio no que se cimenta a rebelión secesionista de hoxe. E por iso queda claro que todo o tempo que tardou o Estado en frear esta deriva, e todos os pasos atrás que deu o Goberno de Madrid para contentar unha demanda insaciable dos líderes institucionais do «*procés*» só serviron para endiañar o pro-

blema ata límites intolerables, e para que hoxe teñamos unha enorme inseguridade sobre as posibilidades que nos quedan para frear, reconducir e restaurar esta deriva independentista que resulta incomprendible no marco territorial, legal e institucional da Unión Europea.

4.- Que se pode facer a curto prazo?

Metidos xa nesta deriva, e cando os feitos consumados xa embarraron o campo das manobras ata facelo impracticable, parece evidente que, se falamos a curto prazo, xa non teñen cabida nin diálogos, nin reformas, nin cesións, nin xaculatorias, nin medias tintas, nin *laissez fer laissez passer* que forman parte das posicións ambiguas que pululan entre os que pensan que, tanto dunha banda coma da outra, aínda quedan negocios por facer e beneficios dos que apropiarse. Calquera posibilidade de diálogo quedou pechado dende que a *Generalitat* escolleu, tras convocar o primeiro referendo ilegal, a vía dos feitos consumados e a substitución da legalidade que compoñían as bases estratéxicas e

ideolóxicas dunha desconexión a cara de can. E a miña idea é que a reposición dun marco de diálogo –que en todo caso non permite adiviñar máis ca saídas complexísimas e cheas de riscos e contraindicacións– non queda máis solución que repoñer a legalidade mediante exercicio de autoridade do Estado, impedir o soño dunha desconexión fácil, sen custos, sen esixencias de responsabilidades e con destino ao Paraíso Terreal, e facer que o esgotamento de ambas as dúas partes, no máis xenuíno estilo Richelieu, obriga ás dúas institucións –Estado e *Generalitat*– a sentar á mesa, sen pretender unha igualdade de partes que o Estado non debe nin pode aceptar, sen aceptar a xeración dun novo feito diferencial que rache cos febles equilibrios autonómicos actualmente existentes, sen dar a máis mínima sensación de que o encaixe de Cataluña en España só se pode conseguir a base de pagar caprichosas facturas, e buscando só a vía das eivas obxectivas, meticolosamente establecidas, que puidese haber –por máis difícil que sexa velas– no modelo autonómico catalán. E a cambio

deste diálogo haberá que pedir, obviamente, lealdade institucional e constitucional, imparcialidade institucional e estratéxica da *Generalitat*, e poñerlle fin á construción de mitos orientados a unha confrontación permanente e irresoluble que está baseada na manipulación e na nostalgia da historia que puido ser e non foi, e da aceptación de que calquera balanza fiscal que se queira utilizar ten que aceptar dous presupostos tan complexos como evidentes: que os balances fiscais non poden calcularse só sobre o binomio impostos e transferencias e que a riqueza evidente de Cataluña mantén un crédito fiscal histórico fronte a unha España que dende a década de 1830 empezou a desenvolverse de forma absolutamente desequilibrada, e que acabou primando o desenvolvemento de Cataluña e do País Vasco con enormes abandonos e sacrificios de case todos os demais.

Outra vía, que sería a de seguir cedendo e mirando para onte, só serviría para armar a seguinte rebelión.

Xosé Luís Barreiro Rivas